

Asunto: CONVOCATORIA DA AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN DE TRANSFERENCIA DO ANO 2019

Con esta comunicación iniciase o proceso para a avaliación da Produción de Transferencia do ano 2019, detallándose os criterios, o procedemento e a documentación acreditativa requirida nos Anexos I, II e III, respectivamente. Estes documentos están tamén dispoñibles na web da Universidade.

As actividades a realizar polas Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos, en coordinación cos departamentos que correspondan, serán as seguintes:

1. Xestionar a introdución dos datos dos méritos a avaliar na aplicación informática

SUXI-XC.

2. Verificar a documentación acreditativa dos méritos

3. Validar os méritos introducidos na aplicación para os que se solicita a avaliación. O acto de validación na aplicación pode ser realizado polas Unidades de apoio á investigación e transferencia, pero os departamentos serán os responsables de indicar que méritos deben ser validados; para o análise de méritos e toma de decisións, os departamentos poderán establecer calquera mecanismo interno que consideren axeitado

4. Remitir por correo electrónico á dirección auvicinv@uvigo.es o listado definitivo de méritos validados cuxa avaliación se solicita, que se descarga como arquivo excel ou pdf da aplicación informática, coa sinatura do/a secretario/a ou director/a de departamento que corresponda en cada caso, como confirmación do visto bo do Consello de Departamento como se require nos criterios de avaliación da PT 2019. Para o relativo ao visto bo do departamento, poderán establecerse mecanismos internos de delegación coa aprobación do Consello, se procede. A remisión deste listado dentro do prazo establecido para elo é obrigatoria, e os datos remitidos deben corresponder aos introducidos na aplicación informática.

Lémbrese que a Vicerreitoría de Transferencia levará a cabo unha comprobación por mostraxe dos datos rexistrados, con posterioridade á avaliación provisional e antes do 31 de decembro de 2020.

Para o desenvolvemento do proceso utilizarase a aplicación informática SUXI-XC (Sistema Unificado de Xestión de Investigación-Xestión Curricular).

Vigo, 30 de abril de 2020

A VICERREITORA DE TRANSFERENCIA
María Consuelo Pérez Vázquez

TODOS OS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
TODAS AS UNIDADES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA